

PENA DE MORTE

1. ¿En que países actualmente existe a pena de morte?

En China, Cuba, Exipto, Estados Unidos (algúns estados), Guatemala...

2. ¿Existe en España a pena de morte?

Non, en España a pena de morte está abolida, só se pode utilizar en caso de guerra.

3. Distintas formas de practicar a pena de morte.

- Silla eléctrica
- Inxección letal
- Cámara de gas
- Lapidación
- Fusilamento
- Decapitación
- Aforcamento

4. ¿Nos países nos que existe a pena de morte existe menos criminalidade?

Non, as estatísticas demostran que a pena de morte non consegue diminuír os delitos con ela castigados.

5. Razóns a favor e en contra da pena de morte.

Razóns a favor:

- A pena de morte é a única capaz de conseguir que algunhas persoas se absteñan de facer accións criminais.
- É a única arma que ten a sociedade para defenderse. É coma unha lexitimación.
- Toda pena ten como fin a corrección.

Razóns en contra:

- Non se pode castigar a ninguén coa pena de morte xa que é imposible medir o

grado de culpabilidade nunha persoa.

- Non é preciso matar ao preso, chega con recluilo.

6. Crítica en contra

Nós non estamos a favor da pena de morte, pensamos

que toda persoa ten dereito á vida tal e como se di na Declaración Universal dos Dereitos Humanos; se alguén comete un delito non ten por que ser castigado coa súa execución xa que hai outro tipo e castigos.

No caso de que a persoa que cometa un delito teña un trastorno psicolóxico, non debe ser recludo no cárcere, senón que debe ser ingresado nun centro psiquiátrico.

Por outra parte, tamén pensamos que todas as persoas deben ter as mesmas condicións. Porque se a xente que ten diñeiro comete o mesmo delito que a ten uns recursos económicos máis escasos, ten máis probabilidades de que a súa pena sexa menor; ou no caso de que fose acusado de pena de morte podería pasar a ter cadea perpetua ou unha pena menor.

7. Declaración do Congreso de Deputados do día 5 de outubro de 2005

O Congreso de Deputados do día Internacional contra a pena de morte manifesta:



I. O seu absoluto respecto polo dereito á vida, proclamado na Declaración Universal de Dereitos Humanos e recollido no artigo 15 da constitución española.

II. O seu firme rexeitamento á pena de morte en todo lugar e baixo calquera circunstancia, por ser unha forma de castigo discriminatoria, inhumana e irrevogable.

III. A súa esixencia de que se conmute a pena de morte aos españois condenados no mundo e de que as execucións cesen de inmediato en todos os países.

IV. A súa plena crenza en que a abolición da pena capital será unha realidade neste século XXI que contribuirá á creación dunha orde internacional máis humana e máis digna.

V. O seu interese en que a Asemblea Xeral de Nacións Unidas aprobe unha resolución pro moratoria das execucións capitais con miras á abolición definitiva á pena de morte.

Ruth Garrido Ríos & Sandra Rodríguez Amor. B1C